BOP
LUNS, 18 DE NOVEMBRO DE 2024 N.º 266
DEPUTACIÓN DE LUGO
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLOS

## BEGONTE

*Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de data 07.11.2024, aprobouse o padrón fiscalcorrespondenteao mes de outubrode 2024 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de5.811,77 €e o programa básico de axuda no fogar por unimporte de 160€.

Por medio do presente exponseó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no RegulamentoXeral de Recadación e naLei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 7 de novembro de 2024.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 3572

---

## O CORGO

*Anuncio*

**EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

O Sr. Alcalde, por Decreto de 28 de outubro deste ano, aprobou o Padrón provisional comprensivo dos suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de **taxa de recollida de lixo e TAXA POLO SERVICIO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) para O PRIMEIRO SEMESTRE DE 2024**.

Por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago da taxa e canon indicados, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación deste edicto no BOP de Lugo, ó obxecto de que o Padrón poida ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o citado acordo polo que se inclúen os contribuíntes no Padrón así como contra a liquidación e efectividade da taxa de recollida de lixo, interporase, ante a Alcaldía, recurso de reposición no prazo dun mes a contar desde a notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación. No caso de resolución presunta o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

***ANUNCIO DE COBRANZA***

**O prazo de ingreso, en periodo voluntario, será o comprendido entre o 28 de outubro e o 30 de decembro de 2024, ámbolos dous inclusive**. O ingreso do recibo farase na conta restrinxida número **ES10 2080 0156 4031 1000 0057**, ó nome deste Concello na oficina do Corgo de Abanca.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados ós seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso na conta indicada. As persoas que teñan domiciliado o pago non terán que preocuparse, xa que o Concello remitirá á Caixa a relación de recibos para que se ingrese o seu importe na conta municipal citada.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos temos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 da citada Lei, procedéndose á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargos do período executivo serán os previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixirase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Corgo, 6 de novembro de 2024.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 3575

---

## GUITIRIZ

*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo da Escola Municipal de Música correspondente ao primeiro prazo do curso 2024/25, que comprende un total de 68 recibos por un importe de 4.065,00 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo da Escola Municipal de Música correspondentes ao primeiro prazo do curso 2024/25, terá lugar dende o día 01/11/2024 ao 02/01/2025 (ambos incluídos).

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 7 de novembro de 2024,- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3560

---

## LOURENZÁ

*Anuncio*

**NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO**

**Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Outubro de 2024.**

**EDICTO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 8 de novembro de 2024, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Outubro de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de catro mil catrocentos sesenta e seis euros con sesenta e cinco céntimos de euro (4.466,65€) , catro mil trinta euros con trinta céntimos de euro(4.030,30€) correspondente a dependencia , e catrocentos trinta e seis euros con trinta e cinco céntimos de euros (436,35€) son de libre concorrencia.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2024.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 8 de novembro de 2024.- A Alcadesa, Dª. Rocío López García.

R. 3561

---

## LUGO

*Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, sustanciarase unha consulta pública por un prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, con carácter previo á elaboración do proxecto da ordenanza municipal da Zona de Baixas Emisións no Concello de Lugo.

Durante este trámite de consulta pública, os cidadáns, empresas, organizacións e asociacións que consideren que resultan afectadas pola futura norma, poden facer chegar as súas opinións indicando o seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a **ordenanzazbe@lugo.gal** acerca de:

- dos problemas que se pretenden solucionar con esta norma.

- da necesidade e oportunidade da súa aprobación.

- do obxectivo das normas.

- das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Lugo, 12 de novembro de 2024.- O Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Dinamización Económica Relacións Institucionais, Mauricio V. Repetto Morbán.

R. 3562

---

*Anuncio*

**Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 8075/2024 de 3 de setembro de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **AGOSTO de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 16 de setembro ata o día 16 de outubro de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 3 de setembro de 2024.- A Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3579

---

*Anuncio*

**DECRETO**

**Excma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto o acordo 10/759 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2021.

Cómpre sinalar que polo Servizo de Persoal se detecta erro na clasificación do grupo no que se encadra a praza segundo a Relación de Postos de Traballo vixente, sendo o grupo B e non o C1 como figura transcrito no acordo.

Visto o acordo 7/449 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE DELINEANTE (SERVIZO DE ARQUITECTURA) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16 de outubro de 2024.

En base ás atribucións conferidas polo artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE DELINEANTE (SERVIZO DE ARQUITECTURA) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 7/449 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16 de outubro de 2024, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de Delineante pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2021) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE DELINEANTE PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021)

1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Delineante do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, de data 4 de decembro de 2023.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Delineante

b) Grupo de titulación: GRUPO B

c) Outras características:

- Escala: Administración Especial

- Subescala: Técnica

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais referenciadas, o sistema selectivo será o de oposición.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Título de Técnico Superior en Proxectos de Edificación ou en Proxectos de Obra Civil ou en Deseño en Fabricación Mecánica ou en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, ou equivalentes. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan ás titulacións extinguidas.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 16,20€ de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e Prezos Públicos” que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.

Así mesmo, estarán exentos as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales polo menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

c) Título universitario de Técnico Superior en Proxectos de Edificación ou en Proxectos de Obra Civil ou en Deseño en Fabricación Mecánica ou en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, ou equivalentes.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles,** contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistente en contestar un cuestionario de setenta (70) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistente no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ó chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistente na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 2 horas. Dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. Principios xerais de representación. Escalas de debuxo, concepto e aplicacións. Xeneralidades sobre normalización: DIN, ISO, UNE. Tipos de papel e formatos. Rotulación.

Tema 2. Sistemas de representación: planos acoutados. Conceptos fundamentais. Debuxo topográfico: curvas de nivel.

Tema 3. Proxecións cartográficas. Clases. Proxeción UTM.

Tema 4. Sistema diédrico. Xeneralidades. Punto, recta e plano. Interseccións.

Tema 5. Proxección axonométrica. Xeneralidades.

Tema 6. Perspectiva caballera. Xeneralidades. Perspectiva cónica. Xeneralidades e fundamento da perspectiva cónica. Elección do punto de vista e a liña do horizonte.

Tema 7. Perfil lonxitudinal. Perfís transversais. Elementos e métodos. Aplicacións á obra civil. Cálculo de volumes.

Tema 8. Conceptos básicos de informática. Operacións básicas con ficheiros; copiado, copias de seguridade, compresión, etc. Intercambio de información e grabación de ficheiros en distintos soportes. Tipos de ficheiros, ráster, vector e datos. Intercambio de ficheiros entre os distintos programas de CAD

Tema 9. Aplicacións informáticas CAD e GIS: AutoCAD, Microstation, ArcGis.

Tema 10. CAD. Espazo de traballo. Conceptos básicos. Personalización. Cuadrículas, guías e medición. CAD. Ferramentas. Creación, modificación e transformación de obxectos.

Tema 11. CAD. Referencias externas. Vincular referencia. Traballar con referencias. CAD Arquivos en formato ráster. Administrar arquivos en formato ráster.

Tema 12. CAD. Células ou bloques. Creación, visualización e edición. As bibliotecas de células ou bloques. CAD. Espazo de deseño. Creación de follas e modelos. Os ficheiros tipo ou semente.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

Tema 13. CAD. Unidades de traballo. Impresión de planos. Saída pola impresora. CAD. Anotacións. Introducir texto. Editar textos. Cambiar atributos de texto. CAD. Traballo con elementos existentes en CAD. Uso de cercados ou selección de elementos. Cambiar elementos. Agrupar e desagrupar elementos.

Tema 14. Sistemas de información xeográfica. Concepto, funcións e aplicacións. Modelo de datos. Vantaxes e inconvenientes vectorial-ráster. Bases de datos: Modelo entidade-relación.

Tema 15. A imaxe dixital. Definición. Principales características. Fotointerpretación e emprego de ortofotomapas. A ortofotografía.Xeorrefenciación e dixitalización

Tema 16. O sistema Xis: Representación cartográfica. Traballo con capas. Símbolos e estilos. Deseños de páxina. Exportación e impresión de mapas. Publicar

servizos de mapa.

Tema 17. O sistema Xis: Crear, gardar, exportar, cargar e executar informes. Edición. Crear e editar novas entidades.

Tema 18. O sistema Xis. Xeoprocesamento. Ferramentas de uso común. Etiquetaxe de entidades. Motor de etiquetaxe Maplex.

Tema 19. O sistema Xis: Tipos de datos nunha Xeodatabase. Shapefiles, rásteres e imaxes. Táboas de atributos. Deseñar, crear, editar, mostrar táboas. Calcular valores de campo. Unir e relacionar táboas.

Tema 20. Decreto 14/2017, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

Tema 21. Organización dunha obra de reurbanización nunha rúa: replanteos e traballos previos, programa de traballos, execución da obra, remates de obra. Recepción da obra e garantía.

Tema 22. Conceptos básicos da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia: disposicións xerais; planificación, estudos e proxectos; delimitacións de zonas.

Tema 23. Características xeométricas das estradas. Trazado. Sección transversal.

Tema 24. Elementos do trazado viario. Nó. Interseccións e enlaces. Movementos nun nó. Tipos de nó.

Tema 25. Elementos de estradas: sinalización, elementos de balizamento e redutores de velocidade.

Tema 26. Firmes: definición. Características funcionais e estruturais. Tipos: Flexibles e ríxidos. Materiais.

Tema 27. Firmes en vías urbanas: Características. Dimensionamento e parámetros básicos. Materiais de pavimentación.

Tema 28. Redes de abastecemento: Elementos do sistema. Redes de distribución e compoñentes da rede. Materiais. Diámetros.

Tema 29. Redes de saneamento: compoñentes. Sistemas de evacuación unitarios e separativos. Vantaxes e inconvenientes. Deseño e trazado. Limitacións por afeccións a outras infraestruturas.

Tema 30. Redes de saneamento: Instalacións complementarias da rede de saneamento: acometidas, baixantes, arquetas de inspección e pozos de rexistro, sumidoiros, válvulas, ventosas, desaugadoiros e comportas, cámaras de descarga. Sifóns, aliviadoiros, depósitos de retención e estacións de bombeo.

Tema 31. Distribución de servizos nunha rúa de Lugo. Dependencia da largura e carácter desta. Distancia entre os diferentes servizos. Compatibilidade coa beirarrúa, calzada e mobiliario urbano.

Tema 32. A redacción do proxecto: documentos do proxecto. Memoria, planos e prego de prescricións

Tema 33. Orzamento. Documentos dun orzamento: medicións, cadros de prezos e orzamento. Conceptos básicos dun orzamento.

Tema 34. Seguridade e saúde nas obras de construción: estudo de seguridade e saúde e estudo básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido. Plan de seguridade e saúde. Libro de incidencias. Funcións das e dos coordinadores de seguridade e saúde.

Tema 35. Conceptos básicos do código técnico da edificación (CTE) aprobado polo Real decreto 314/2006, de 17 de marzo: ámbito de aplicación. Exisencias básicas.

Tema 36. Normativa de habitabilidade en Galicia.

Tema 37. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Lexislación aplicable. Características de accesibilidade en espazos públicos, elementos de urbanización e mobiliario urbano.

Tema 38. A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia: conceptos xerais de clases de solos. Planeamento urbanístico; planeamento xeral e desenrolo de infraestruturas viarias.

Tema 39. Normas técnicas de planeamento urbanístico.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

Tema 40. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023) o Tribunal Cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

**Presidente**: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.

**Vogais**:

Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

**Secretaria/o**: Secretario/a da Corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

A súa vez será aplicable a Instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, Portal de Transparencia e un extracto no DOG e BOE."

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 24 de setembro de 2024.- . Alcaldesa-Presidenta , Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3580

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

*Anuncio*

**Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 9019/2024 de 3 de outubro de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **SETEMBRO de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 15 de outubro ata o día 15 de novembro de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 4 de outubro de 2024.- A Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3581

---

*Anuncio*

**DECRETOExcma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Visto o acordo 10/759 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2021.

Cómpre sinalar que polo Servizo de Persoal se detecta erro na clasificación do grupo no que se encadra a praza segundo a Relación de Postos de Traballo vixente, sendo o grupo B e non o C1 como figura transcrito no acordo.

Visto o acordo 8/450 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE DELINEANTE (SERVIZO DE ENXEÑERÍA) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16 de outubro de 2024.

En base ás atribucións conferidas polo artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE DELINEANTE (SERVIZO DE ENXEÑERÍA) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 8/450 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16 de outubro de 2024, que seguidamente se transcribe:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de Delineante pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2021) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE DELINEANTE PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021)

1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Delineante do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, de data 4 de decembro de 2023.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Delineante

b) Grupo de titulación: GRUPO B

c) Outras características:

- Escala: Administración Especial

- Subescala: Técnica

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais referenciadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Título de Técnico Superior en Proxectos de Edificación ou en Proxectos de Obra Civil ou en Deseño en Fabricación Mecánica ou en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, ou equivalentes. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan ás titulacións extinguidas.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 16,20€ de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e Prezos Públicos” que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.

Así mesmo, estarán exentos as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales polo menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

c) Título universitario de Técnico Superior en Proxectos de Edificación ou en Proxectos de Obra Civil ou en Deseño en Fabricación Mecánica ou en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, ou equivalentes.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles,** contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistente en contestar un cuestionario de setenta (70) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistente no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ó chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistente na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 2 horas. Dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. Cartografía: plano, mapa e carta. Escalas. Concepto e tipos de escalas. Formatos

Tema 2. Cartografía: Elementos xeográficos e coordenadas.

Tema 3. Proxecións cartográficas. Clases. Proxeción UTM.

Tema 4. Perfil lonxitudinal. Perfís transversais. Elementos e métodos. Aplicacións á obra civil. Cálculo de volumes.

Tema 5. Aplicacións informáticas CAD e GIS: Diferenzas e atributos.

Tema 6. AutoCAD. Interface de usuario. Sistema de coordenadas e espazos de traballo. Xestión de arquivos. Bloques: Concepto e tipos. Referenzas externas.

Tema 7. Sistemas de Información Xeográfica: Interface de usuario. Uso en urbanismo. Representación cartográfica. Ferramentas de uso común. Xeorreferenciación de planos.

Tema 8. Características xeométricas das estradas. Trazado, Sección transversal.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

Tema 9. Elementos do trazado viario. Nó. Interseccións e enlaces. Movementos nun nó. Tipos de nó,

Tema 10. Elementos de estradas: sinalización, elementos de balizamento e redutores de velocidade.

Tema 11. Firmes: definición. Características funcionais e estruturais. Tipos: Flexibles e ríxidos. Materiais.

Tema 12. Firmes en vías urbanas: Características. Dimensionamento e parámetros básicos. Materiais de pavimentación.

Tema 13. Redes de abastecemento: Elementos do sistema. Redes de distribución e compoñentes da rede. Materiais. Diámetros.

Tema 14. .Redes de abastecemento: trazado. Elementos singulares dos sistemas de abastecemento: aloxamentos e elementos da rede.

Tema 15. Redes de saneamento: compoñentes. Sistemas de evacuación unitarios e separativos. Vantaxes e inconvenientes. Deseño e trazado. Limitacións por afeccións a outras infraestruturas.

Tema 16. Redes de saneamento. Deseño e trazado. Limitacións por afeccións a outras infraestruturas.

Tema 17. Redes de saneamento: Instalacións complementarias da rede de saneamento: acometidas, baixantes, arquetas de inspección e pozos de rexistro, sumidoiros, desaugadoiros e comportas, cámaras de descarga. Sifóns, aliviadoiros, depósitos de retención e estacións de bombeo.

Tema 18. Os diferentes espazos das vías urbanas I: O espazo do peón.

Tema 19. Os diferentes espazos das vías urbanas II: A calzada. Rúas de coexistencia e seccións de vías.

Tema 20. Os diferentes espazos das vías urbanas III: A Rúa e o transporte público local, plazas de estacionamento. O espazo da bicicleta.

Tema 21. Normativa aplicable no Concello de Lugo: Normas xerais de urbanización.

Trazado do viario. Rúas e vías ciclistas.

Tema 22. Normativa aplicable no Concello de Lugo: Rede de abastecemento. Rede de saneamento. Mobiliario urbano e xardiñería.

Tema 23. Distribución de servizos nunha rúa de Lugo. Dependencia da largura e carácter desta. Distancia entre os diferentes servizos. Compatibilidade coa beirarrúa, calzada e mobiliario urbano.

Tema 24. A redacción do proxecto: documentos do proxecto. Memoria, planos e prego de prescricións técnicas particulares.

Tema 25. Orzamento. Documentos dun orzamento: medicións, cadros de prezos e orzamento. Conceptos básicos dun orzamento. Aplicación a PRESTO: Conceptos básicos, formatos e base de datos

Tema 26. Seguridade e saúde nas obras de construción: estudo de seguridade e saúde e estudo básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido. Plan de seguridade e saúde. Libro de incidencias. Funcións das e dos coordinadores de seguridade e saúde.

Tema 27. Organización dunha obra de reurbanización nunha rúa: trazas e traballos previos, programa de traballos, execución da obra, remates de obra. Recepción da obra e garantía.

Tema 28. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Lexislación aplicable. Características de accesibilidade en espazos públicos, elementos de urbanización e mobiliario urbano.

Tema 29. Conceptos básicos do código técnico da edificación (CTE) aprobado polo Real decreto 314/2006, de 17 de marzo: ámbito de aplicación. Exisencias básicas.

Tema 30. Decreto 14/2017, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

Tema 31. Conceptos básicos da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia: disposicións xerais; planificación, estudos e proxectos; delimitacións de zonas.

Tema 32. Sinalización de obras. Ordenación da circulación en presencia de obras fixas.

Tema 33. Sinalización móvil de obras. Características. Ámbito de aplicación. Regras de implantación.

Tema 34. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratación do Sector Público. Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro: Contrato de obras: Actuacións preparatorias. Proxectos de obras: Contido. Supervisión e traza do proxecto.

Tema 35. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratación do Sector Público. Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro: Contrato de obras: Execución do contrato de obras. Modificación do contrato de obras. Cumprimento e resolución do contrato de obras.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

Tema 36. A lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia. Conceptos xerais de clases de sólo. Planeamento urbanístico. Planeamento xeral e desenvolvemento de infraestruturas viarias.

Tema 37. A lei 38/1999 de ordenación da edificación: axentes da edificación. Responsabilidades e garantías.

Tema 38. Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

Tema 39. Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo: Disposicións Xerais.

Tema 40. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023) o Tribunal Cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

**Presidente**: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.

**Vogais**:

Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

**Secretaria/o**: Secretario/a da Corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

A súa vez será aplicable a Instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, Portal de Transparencia e un extracto no DOG e BOE.”

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 24 de outubro de 2024.- Alcaldesa-Presidenta , Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3582

---

*Anuncio*

**Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 9051/2024 de 4 de outubro de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondiente ao **terceiro trimestre de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197 Lugo, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: dende o día **15 de outubro ata o 15 de novembro de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 4 de outubro de 2024.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3583

---

*Anuncio*

**DECRETO**

**Excma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Instruido expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluidos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Oficial Lector/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario (grupo C - subgrupo C2), en quenda libre (1 incluída na OEP 2021 e 1 incluída na OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 13/73 BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA DE 2 PRAZAS DE OFICIAL LECTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA LIBRE (1 INCLUÍDA NA OEP 2021 E 1 INCLUÍDA NA OEP 2023).

-Polo Decreto Nº: 2488/2024 do 19/03/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE OFICIAL LECTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA LIBRE (1 INCLUÍDA NA OEP 2021 E 1 INCLUÍDA NA OEP 2023)

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 086, de 13 de abril de 2024.

Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número número 99, de 23 de maio de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

COBERTURA EN PROPIEDADE DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto CUARTO de dito acordo:

*"**CUARTO**.- Rectificar o Acordo 13/73 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DE 2 PRAZAS DE OFICIAL LECTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA LIBRE (1 INCLUÍDA NA OEP 2021 E 1 INCLUÍDA NA OEP 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de febreiro de 2024, de xeito que onde di: "Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico." debe dicir: "Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue."*

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 147, do 18 de xuño de 2024.

- Con data do 16 de xullo de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 25 de outubro de 2024.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Único**.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

*No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.*

*Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.*

*Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.*

*O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.*

*(...)*

*Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.*

*Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."*

Por todo o anteriormente exposto, en base ás atribucións conferidas polo artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**Primeiro**.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE OFICIAL LECTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA LIBRE (1 INCLUÍDA NA OEP 2021 E 1 INCLUÍDA NA OEP 2023) que a continuación se indica:

**ADMITIDOS/AS**

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|
| BARREIRO DIAZ, MARIA JESUS | ***3003** |
| BELLON CANDAL, PILAR | ***3199** |

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

| | |
|---|---|
| CABADO CABADO, MANUEL | ***3769** |
| CABADO LUGILDE, ANDREA | ***5183** |
| CASTRO DEVESA, MARIA BELEN | ***1896** |
| CASTRO GUERRA, ALEJANDRO | ***7940** |
| CASTRO OZORES, JESSICA | ***4695** |
| DIAZ DIAZ, JOSE ANTONIO | ***7129** |
| FERNANDEZ PEREZ, SONIA | ***4365** |
| GARCIA LORENZO, MARCOS | ***3912** |
| LOPEZ CACERES, IGNACIA | ***9228** |
| LOPEZ FERNANDEZ, JESUS ANGEL | ***4341** |
| LOPEZ FERREIRO, LUIS MIGUEL | ***2396** |
| LOPEZ FERNANDEZ, PABLO | ***3657** |
| LOPEZ GARCIA, EDGAR | ***8213** |
| LOPEZ SANTOS, JORGE | ***8525** |
| LORENZO MORANDEIRA, MIGUEL ANGEL | ***3366** |
| NUÑEZ MEILAN, MARIA DEL CARMEN | ***4595** |
| OUTEIRAL OUTEIRAL, FRANCISCO JOSE | ***6570** |
| PORTAS MUINELO, CESAR | ***4459** |
| RODRIGUEZ CABAÑAS, MIGUEL | ***3652** |
| RODRIGUEZ LUACES, JOSE MANUEL | ***4608** |
| RODRIGUEZ LUACES, MARIA CARMEN | ***3278** |
| SANTOS ALVAREDO, MONICA | ***2948** |
| SEIJAS CASTEDO, SABELA | ***4711** |
| SILVARREY MEILAN, CARLOS | ***6010** |
| VEIGA DIAZ, MANUEL ALEJANDRO | ***6912** |

**EXCLUIDOS/AS**

| **APELIDOS E NOME** | **DNI** | **Motivo de exclusión** |
|---|---|---|
| DIAZ PICO, JAVIER | ***1702** | (2) |
| GARCIA GONZALEZ, ALBA CARIDAD | ***7318** | (3) - (4) |
| GARCIA LOPEZ, IGNACIO | ***5522** | (3) |
| LOPEZ PEREZ, JORGE | ***4439** | (3) - (4) |
| LUGILDE SANCHEZ, HECTOR | ***4983** | (2) |
| PEREZ MARTINEZ, JUAN CARLOS | ***2442** | (1) |
| RODRIGUEZ LOPEZ, NOELIA | ***3299** | (1) |

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

(1) Non aportar fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

(2) Non aportar fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea vixente no prazo de presentación de solicitudes.

(3) Non aportar Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

(4) Aportar xustificante de ter ingresado, en concepto de dereitos de exame, unha cantidade inferior a requerida (As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza)

**Segundo**.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 25 de outubro de 2024.- Alcaldesa-Presidenta, Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3584

---

## PANTÓN

*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 11 de Novembro de 2024 a modificación orzamentaria núm. 1/2024 consistente en Suplemento de Crédito 1/2024 por novosoumaiores ingresos, con arranxoódisposto no artigo no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendaslocais, exponseó público por prazo de 15 días a contar dende o día seguinteó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de que se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes. O dito documento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporádunprazodun mes para resolvelas.

Pantón, 12 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3563

---

*Anuncio*

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRODE2024.

-A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do05.11.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubrode2024, o cal se expónao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

-Contra o acto de aprobación doPadrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

ANUNCIO.

-En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubrode2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 02.12.2024 ao 31.01.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta:16.12.2024
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciarase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 12 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3564

---

## RÁBADE

*Anuncio*

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 5º bimestre do 2024.

Por Decreto da Alcaldía de data 31 de outubro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 5º bimestre do 2024, cuxo importe total ascende á cantidade de 133.246,78 (cento trinta e tres mil douscentos corenta e seis con setenta e oito) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 31 de outubro do 2024 ao 29 de decembro de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 31 de outubro de 2024.- A ALCALDESA, Remedios Gonzalez Cabarcos.

R. 3565

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

# MINISTERIO DE FACENDA

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – XOVE

*Anuncio*

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ALCALDE Nº 2024-1562 DO 12 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO ELABORACIÓN DE POSTAIS DE NADAL 2024

BDNS (Identif.): 796288

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/796288)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroado/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa postal a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 13 de decembro de 2024.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de postais de Nadal organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/

Cuarto. Contía dos premios

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Os premios consistirán en lotes de libros ou material escolar valorados en 30 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Unha das postais premiadas poderá ser seleccionada como postal institucional do Concello para as vindeiras festas de Nadal.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Xove, 12 de novembro de 2024.- O ALCALDE, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3566

---

# MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

## SECRETARÍA DE ESTADO DE ENERXÍA. DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E MINAS

**Resolución de la Dirección General de Política Energética y Minas por la que se desestima la solicitud de Enel Green Power España, S.L.U.,de autorización administrativa previapara el parque eólico "Caiño", de187 MW de potencia instalada, y sus infraestructuras de evacuación, ubicados en los términos municipales de Curtis, Aranga, Oza-Cesuras, Sobrado y Abegondo, en la provincia de A Coruña, así como en Guitiriz, en la provincia de Lugo, acordando el archivo del expediente PEol-569.**

De acuerdo con lo establecido en el artículo 53 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico y en el Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, en base a los siguientes:

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

## I. HECHOS

**Primero.- Solicitud de autorización administrativa previa**

Enel Green Power España,S.L.U. (en adelante el promotor) solicitó, con fecha 23 de junio de 2021, autorización administrativa previa para el parque eólico "Caiño", de 187MW, y su infraestructura de evacuación, ubicados en los términos municipales de Curtis, Aranga, Oza-Cesuras, Sobrado y Abegondo, en la provincia de A Coruña, así como en Guitiriz, en la provincia de Lugo(en adelante también, el proyecto).

**Segundo. – Admisión a trámite**

Esta Dirección General acreditó que la solicitud de autorización administrativa previa del proyecto del parque eólico "Caiño" y sus infraestructuras de evacuación, en las provincias deA Coruña y Lugo, había sido presentada y admitida a trámite.

**Tercero. – Tramitación de la solicitud conforme al Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre**

Esta Dirección General da traslado del expediente al Áreade Industria y Energía de lasSubdelegaciones del Gobierno enA Coruña y Lugo, como órganos competentes para la tramitación del expediente de solicitud de autorización conforme a lo dispuesto en el artículo 113 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre.

Conforme a lo dispuesto en el Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, y en la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental, la solicitud de autorización administrativa previa, acompañada del proyecto y estudio de impacto ambiental se somete a información pública, con la debida publicación en el Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de las provincias afectadas, habiéndose solicitado igualmente los correspondientes informes a las distintas administraciones, organismos y empresas de servicio público o de servicios de interés general en la parte que la instalación pueda afectar a bienes y derechos a su cargo, así como a los organismos que deben presentar informe conforme a la Ley 21/2013, de 9 de diciembre.

Con fecha 16 de agosto de 2022, complementado posteriormente, se reciben el informe y el expediente de tramitación del Áreade Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia.

**Cuarto.- Evaluación de impacto ambiental practicada**

Con fecha 2 de septiembre de 2022 se remite a la Subdirección General de Evaluación Ambiental (SGEA) dicho expediente para inicio del procedimiento de evaluación de impacto ambiental ordinaria, según lo dispuesto en el artículo 39 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental.

La Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental emite, con fecha 28 de junio de 2023, Resolución por la que declara la terminación del procedimiento de evaluación de impacto ambiental, por no contar con elementos de juicio suficientes para formular una declaración de impacto ambiental, procediendo al archivo del expediente.

**Quinto. – Permisos de acceso y conexión**

El proyecto obtuvo permiso de acceso a la red de transporte en lasubestaciónABEGONDO 220kV, propiedad de Red Eléctrica de España, S.A.U.

Con fecha de 31 de julio de 2024 tiene entrada, en el Registro de este Ministerio, escrito de Red Eléctrica de España, S.A.U., por el que se declara la caducidad de los permisos de acceso y conexión otorgados en aplicación de lo dispuesto en el Real Decreto-ley 23/2020, de 23 de junio, por el que se aprueban medidas en materia de energía y en otros ámbitos para la reactivación económica.

**Sexto. – Trámite de audiencia**

Con fecha 26 de septiembre de 2024 se notifica el trámite de audiencia sobre la propuesta de resolución por la que se desestima la solicitud de autorización administrativa previa del proyecto, en el expediente PEol-569.

Con fecha 16 de octubre de 2024, el promotor responde que no tiene nada que alegar y solicita "*se autorice la devolución de la garantía depositada y presentada, con número de REA 20000000355752, con fecha 18 de junio de 2020, ante la Dirección General de Política Energética y Minas, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, a los efectos de dar cumplimiento a las obligaciones derivadas del actual artículo vigente 23 del RD 1183/2020, en relación con la solicitud de acceso y conexión de la instalación "Parque eólico Caiño", SET Abegondo 220 kV*".

Analizada la documentación recibida, en base a los siguientes:

## II. FUNDAMENTOS JURÍDICOS

**Primero.- Normativa aplicable**

Tomando en consideración lo establecido en la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, en el Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, en la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación de impacto ambiental, en la Ley 39/2015, de 1 de octubre,del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y en el Real Decreto 1183/2020, de 29 de diciembre, de acceso y conexión a las redes de transporte y distribución de energía eléctrica.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

**Segundo. – Sobre la autorización de instalaciones de producción de energía eléctrica**

La Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico dispone, en el artículo 21 relativo a actividades de producción de energía eléctrica, expone que "*La puesta en funcionamiento, modificación, cierre temporal, transmisión y cierre definitivo de cada instalación de producción de energía eléctrica estará sometida, con carácter previo, al régimen de autorizaciones establecido en el artículo 53 y en su normativa de desarrollo.*"

El artículo 53 regula la puesta en funcionamiento de nuevas instalaciones de transporte, distribución, producción y líneas directas, sometiéndola a la obtención de las siguientes autorizaciones administrativas: autorización administrativa previa, autorización administrativa de construcción y autorización de explotación.

De conformidad con el artículo 3.13 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, corresponden a la Administración General del Estado, en los términos establecidos en dicha ley, las siguientes competencias:

*"Autorizar las siguientes instalaciones eléctricas:*

*a) Instalaciones peninsulares de producción de energía eléctrica, incluyendo sus infraestructuras de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, instalaciones de transporte primario peninsular y acometidas de tensión igual o superior a 380 kV".*

[...] *b) Instalaciones de producción incluyendo sus infraestructuras de evacuación, ... que excedan del ámbito territorial de una Comunidad Autónoma, así como las líneas directas conectadas a instalaciones de generación de competencia estatal.*

Sobre la autorización administrativa previa, se dispone en el artículo 53 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, que se tramitará con el anteproyecto de la instalación como documento técnico y, en su caso, conjuntamente con la evaluación de impacto ambiental, según lo dispuesto en la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, y otorgará a la empresa autorizada el derecho a realizar una instalación concreta en determinadas condiciones. La autorización administrativa de instalaciones de generación no podrá ser otorgada si su titular no ha obtenido previamente los permisos de acceso y conexión a las redes de transporte o distribución correspondientes. Asimismo, la solicitud de autorización debe cumplir los requisitos generales administrativos recogidos, con carácter general, en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, así como los requisitos generales técnicos que están recogidos en la normativa sectorial de aplicación.

Por otra parte, el Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, regula, con carácter general, en los artículos 121, 122, 123 y 124, cuestiones relativas a la solicitud de autorización administrativa. En particular el artículo 124 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, establece que los proyectos de instalaciones de producción, transporte y distribución de energía eléctrica se someterán a evaluación de impacto ambiental cuando así lo exija la legislación aplicable en esta materia.

El artículo 42 de la Ley 21/2013 de 9 de diciembre, establece que este órgano sustantivo deberá tener debidamente en cuenta, en el procedimiento de autorización del proyecto, la evaluación de impacto ambiental efectuada.

**Tercero.– Sobre la evaluación de impacto ambiental aplicable a proyectos que puedan tener efectos significativos sobre el medio ambiente**

La Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental regula la evaluación de impacto ambiental de los proyectos, entre ellos los consistentes en la realización de obras e instalaciones, incluidos en su ámbito de aplicación, como proceso a través del cual se analizan los efectos significativos que tienen o pueden tener proyectos, antes de su autorización, sobre el medio ambiente, incluyendo la población, la salud humana, la flora, la fauna, la biodiversidad, la geodiversidad, la tierra, el suelo, el subsuelo, el aire, el agua, el clima, el cambio climático, el paisaje, los bienes materiales, incluido el patrimonio cultural, y la interacción entre todos los factores mencionados. Esta ley transpone el Derecho comunitario en la materia.

En su Título II. Sección primera se regula el procedimiento de evaluación de impacto ambiental ordinaria para la formulación de la declaración de impacto ambiental.

Así, el artículo 7 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, dispone los proyectos que serán objeto de evaluación de impacto ambiental ordinaria, y, entre ellos, los comprendidos en el anexo I, así como los proyectos que, presentándose fraccionados, alcancen los umbrales del anexo I mediante la acumulación de las magnitudes o dimensiones de cada uno de los proyectos considerados.

Corresponde a la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, la resoluciónde los procedimientos de evaluación de impacto ambiental de proyectos decompetencia estatal, de acuerdo con el artículo 7.1 c) del Real Decreto 500/2020, de28 de abril, por el que se desarrolla la estructura orgánica básica del Ministerio para laTransición Ecológica y el Reto Demográfico, y se modifica el Real Decreto 139/2020,de 28 de enero, por el que se establece la estructura orgánica básica de los departamentos ministeriales.

En el marco de dicho procedimiento, el órgano ambiental lleva a cabo el análisis tanto formal, respecto a la información pública del proyecto y del estudio de impacto ambiental y consulta a las Administraciones públicas afectadas, con los respectivos informes preceptivos, y a las personas interesadas, como igualmente el análisis técnico del expediente de evaluación ambiental.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

El órgano ambiental, una vez finalizado el análisis técnico del expediente de evaluación de impacto ambiental, formulará la declaración de impacto ambiental. Y, según dispone el artículo 41, apartado 2, de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre:

*"La declaración de impacto ambiental tendrá la naturaleza de informe preceptivo y determinante, que concluirá sobre los efectos significativos del proyecto en el medio ambiente y, en su caso, establecerá las condiciones en las que puede desarrollarse para la adecuada protección de los factores enumerados en el artículo 35.1 c) durante la ejecución y la explotación y, en su caso, el cese, el desmantelamiento o demolición del proyecto, así como, en su caso, las medidas preventivas, correctoras y compensatorias".*

Según los apartados 3 y 4 del artículo 41 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, la declaración de impacto ambiental se publicará en el Boletín Oficial del Estado en el plazo de diez días hábiles a partir de su formulación, no siendo ésta objeto de recurso sin perjuicio de los que, en su caso procedan vía administrativa y judicial frente al acto por el que se autoriza el proyecto.

Tal y como queda puesto de manifiesto en su artículo 5, la declaración de impacto ambiental es un informe preceptivo y determinante del órgano ambiental con el que finaliza la evaluación de impacto ambiental ordinaria.

A continuación, el artículo 42, apartado 1, de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, dispone que:

*"El órgano sustantivo deberá tener debidamente en cuenta, en el procedimiento de autorización del proyecto, que deberá resolverse en un plazo razonable, la evaluación de impacto ambiental efectuada, incluidos los resultados de las consultas".*

Por su parte, la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, declara en su Exposición de Motivos, haciendo referencia a la existencia de jurisprudencia al respecto, que:

*"El carácter determinante de los pronunciamientos ambientales se manifiesta en una doble vertiente, formal y material. Desde el punto de vista formal o procedimental, el carácter determinante de los pronunciamientos ambientales implica que no es posible continuar con la tramitación del procedimiento sustantivo en tanto éste no se evacue".*

En consecuencia, la declaración de impacto ambiental favorable del proyecto, tras la conclusión del procedimiento de evaluación ambiental conforme a la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, es un requisito ineludible para la concesión de la autorización administrativa previa del proyecto, tal como señala reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo, por ejemplo, en su Sentencia 1347/2017, de 5 de abril:

"*No se puede obviar la especial naturaleza de la DIA, en cuanto se trata de un informe preceptivo y determinante del órgano ambiental con el que concluye el procedimiento de evaluación de impacto ambiental, que evalúa la integración de los aspectos ambientales de forma que su nulidad conlleva por su gravedad e importancia, como ocurre en el presente caso, la de la autorización*".

**Cuarto.- Sobre el cumplimiento de los hitos administrativos para el acceso y conexión a las redes de transporte y distribución de electricidad**

El Real Decreto-ley 23/2020, de 23 de junio, por el que se aprueban medidas en materia de energía y en otros ámbitos para la reactivación económica, en su artículo 1, apartado 1 dispone que los titulares de los permisos de acceso para instalaciones de generación de energía eléctrica que hubieran obtenido dichos permisos con posterioridad al 31 de diciembre de 2017 y antes de la entrada en vigor de este real decreto-ley, deberán obtener la declaración de impacto ambiental favorable en un plazo de 31 meses y la autorización administrativa previa en un plazo de 34 meses.

Lo anterior debe ponerse en relación con el citado artículo 53 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, conforme al cual la autorización administrativa de instalaciones de generación no podrá ser otorgada si su titular no ha obtenido previamente los permisos de acceso y conexión a las redes de transporte o distribución correspondientes.

A continuación, se añade, en el apartado 2 del artículo 1 del Real Decreto-ley 23/2020, de 23 de junio, que:

*"La no acreditación ante el gestor de la red del cumplimiento de dichos hitos administrativos en tiempo y forma supondrá la caducidad automática de los permisos de acceso y, en su caso, de acceso y conexión concedidos y la ejecución inmediata por el órgano competente para la emisión de las autorizaciones administrativas de las garantías económicas presentadas para la tramitación de la solicitud de acceso a las redes de transporte y distribución. No obstante, si por causas no imputables al promotor, no se produjese una declaración de impacto ambiental favorable, no se procederá a la ejecución de dichas garantías".*

**Quinto.- Sobre la garantía económica aplicable a las solicitudes de acceso y conexión a la red de transporte**

El Real Decreto 1183/2020, de 29 de diciembre, de acceso y conexión a las redes de transporte y distribución de energía eléctrica regula, en su artículo 23, las garantías económicas necesarias para la tramitación de los procedimientos de acceso y conexión de instalaciones de generación de electricidad. En concreto, en el apartado 1 de dicho artículo, se dispone que "*Para las instalaciones de generación de electricidad, el*

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)

*solicitante, antes de realizar la solicitud de acceso y conexión a la red de transporte, o en su caso a la red de distribución, deberá presentar, ante el órgano competente para otorgar la autorización de la instalación, resguardo acreditativo de haber depositado, con posterioridad a la entrada en vigor de este real decreto, una garantía económica por una cuantía equivalente a 40 €/kW instalado".*

Asimismo, el apartado 6 de este mismo artículo 23, establece que: *"La caducidad de los permisos de acceso y de conexión conforme a lo establecido en el artículo 26 de este real decreto, supondrá la ejecución inmediata por el órgano competente para la emisión de las autorizaciones administrativas de las garantías económicas presentadas para la tramitación de la solicitud de acceso a la red de transporte o distribución, según aplique en cada caso.*

*No obstante, el órgano competente para la autorización de la instalación podrá exceptuar la ejecución de la garantía depositada si la caducidad de los permisos de acceso y de conexión viene motivada porque un informe o resolución de una administración pública impidiese dicha construcción, y así fuera solicitado por éste."*

A la vista de la documentación aportada, dados los trámites efectuados, y de acuerdo con el artículo 53 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, esta Dirección General de Política Energética y Minas en el ejercicio de las competencias que le atribuye el referido Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica:

**RESUELVE**

**Único.**– Desestimar la solicitud, de Enel Green Power España, S.L.U., de autorización administrativa previa para el parque eólico "Caiño", de 187 MW de potencia instalada, y sus infraestructuras de evacuación, en las provincias de A Coruña y Lugo, acordando el archivo del expediente PEol-569.

De acuerdo con lo dispuesto en los artículos 121 y 122 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas y en el artículo 62.2.i) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, contra la presente Resolución, que no pone fin a la vía administrativa, puede interponerse recurso de alzada ante la persona titular de la Secretaría de Estado de Energía en el plazo de un mes a partir del día siguiente al de la notificación de la presente resolución.

Transcurrido dicho plazo sin haberse interpuesto el recurso, la resolución será firme a todos los efectos. Para el cómputo de los plazos por meses habrá de estarse a lo dispuesto en el artículo 30 de la citada Ley 39/2015, de 1 de octubre.

21 de octubre de 2024

A Coruña, 21 de octubre de 2024.- El Director General de Política Energética y Minas, Manuel García Hernández.

R. 3554

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2024 (18/11/2024 08:00:00)